# Usar a Aula Virtual para levar as notas do alumnado

Hoxe día temos moitas ferramentas como Idoceo, Additio, Google Classroom... para levar a nosa clase ao día e ter rexistradas todas as notas notas, competencias, estándares... a AV tamén serve para iso.

Usaremos dúas ferramentas fundamentalmente para poñer notas numéricas: PROBA (para que fagan no ordenador e que sexa autocorrexible ou non en función do tipo de actividades que deseñaramos) e TAREFA (pedirlles que non envíen un arquivo que deberemos mirar e puntuar)

De serie, cada curso da Aula Virtual ven preparado para que as CUALIFICACIÓNS aparezan todas xuntas, se as queremos separar por avaliacións (por exemplo) debemos crealas nós.

CÓMO CREAR AS AVALIACIÓNS NAS QUE INCLUIR AS TAREFAS DE CADA UNHA

É mellor facelo ao principio pero se non o facemos ou queremos engadir ou quitar algo despois, non hai problema, o único é que deberemos redirixir as tarefas/actividades á nova avaliación.




Creando as avaliacións (ou co nome que queiramos) teremos ordenadas as notas e será moito máis sinxelo levar o control.

No caso de que algunha tarefa que se mande non sexa estrictamente dunha avaliación porque sexa algo transversal que se mirará a final de curso ou porque sexan tarefas de reforzo ou ampliación, pódense deixar á marxe sen incluílas en ningún deses "trimestres"







Neste despregable, se queremos que faga o cálculo da nota "académica" podemos matizar cómo queremos que a calcule (media, suma, mediana, nota máis alta, nota máis baixa...)

*Non só vale para traballo feito no ordenador, podemos incluir unha tarefa "oculta" na que eles non poidan facer nada, e usala para meter alí as notas dos exames, por exemplo.*

## Editar categorías e elementos: Vista simple

| Nome | Agregación | Puntos adicionais | Cualificación máxima | A |
|---|---|---|---|---|
| 3ESO 2019-2020 | Media ponderada simple de cualificacións | | - | |
| Entrega traballo Barroco en Cambados | - | | 10,00 | |
| Proba países e capitais Europa | - | | 10,00 | |
| 1ª Avaliación | Media ponderada simple de cualificacións | | - | |
| Total da categoría | - | | 10,00 | |
| 2ªAvaliación | Media ponderada simple de cualificacións | | - | |
| Proba de coñecementos sobre a Unidade 6 | - | | 10,00 | |
| Proba final UD6 | - | | 10,00 | |
| Total da categoría | - | | 100,00 | |
| 3ªAvaliación | Media ponderada simple de cualificacións | | - | |
| Test UD8 | - | | 10,00 | |
| Entrega exercicios Unidade 8: Produción en serie e consumo de masas | - | | 10,00 | |
| Test final Unidade 11 | - | | 10,00 | |
| test final unidade 12 | - | | 10,00 | |
| Total da categoría | - | | 10,00 | |
| Total do curso | - | | 100,00 | |

Gardar modificacións

Mover os elementos seleccionados a Escoller...

Engadir categoría    Engadir un elemento de cualificación

Documentos de Moodle para esta páxina

Estás identificado como [illegible]

CS3.1920